

## VIVE UN DÍA EN GALEGO!

### Obxectivos:

- Incentivar o uso oral do galego fóra do ámbito escolar.
- Falar durante un día co maior número de persoas en galego.
- Rexistrar esas intervencións en lingua galega, así como á persoa coa que se mantén a conversación nunha ficha para mellorar a expresión escrita.
- Gravar unha intervención nun soporte dixital.
- Reflexionar sobre os posibles problemas que se atoparon para levar a cabo esta actividade e sobre o que aportou ao alumnado.

### EXPOSICIÓN ORAL:

- O tema da 2ª avaliación será sobre este traballo de campo.
- Comezaremos o mércores 23 de xaneiro .
- Cada día farán a exposición dúas persoas.
- A duración será de 2 minutos cada unha.
- Cando fagas a exposición, ante a clase, debes falar amodo, claro e **sen ler**.
- Poderás ter a ficha cos datos recollidos na man e apoiar a túa exposición nela.
- Comeza saudando.
- Puntos a tratar:
  - Persoas coas que falaches e temas dos que falaches.
  - Houbo algunha persoa coa que che gustase máis falar ou non? Por que?
  - Eran persoas de confianza?
  - Foi algo espontáneo ou xa sabían de antemán o que ías facer?
  - Problemas cos que te atopaches?
  - Expresácheste sempre en galego?
  - As persoas coas que falaches, tamén falaron en galego?
  - Reacción ao escoitarte en galego.
  - Como te sentiches?
  - Cres que o galego é unha lingua coa que podes falar de todo?
  - Tiveches algunha dificultade con algunha expresión ou palabra?
  - Valoración final da actividade. Cres que vai axudar a que te expreses en galego máis ou non? Fai unha exposición detallada.
- Finalmente porase a gravación feita no soporte dixital (non computará dentro dos 2 minutos).
- Entregarase a ficha cuberta á profesora.